

MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO E CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL (CAT)

PROGRAMACIÓN 4º TRIMESTRE 2014

MUSEO LISTE VIGO

EXPOSICIÓN PERMANENTE

Diversas salas temáticas que permiten unha reflexión sobre aspectos tan salientables da nosa cultura tradicional como os oficios, a luz, a medicina popular,... proporcionando un achegamento á inmaterialidade agochada nos obxectos expostos.

As salas conteñen información textual que permiten un percorrido libre pola exposición. As visitas guiadas ofértanse para grupos (a partir de 10 persoas), previa solicitude, e para visitantes particulares nos días e horas establecidos (mércores e sábados ás 17:30 h.).

Este último trimestre do ano, e continuando co proxecto de dar a coñecer ocupacións non recollidas na exposición permanente, a Sala dos Oficios recollerá **o oficio de telefonista**. Coñecido como traballo eminentemente feminino aínda que nas súas orixes fora exercido por nenos.

As mostras fotográficas “*Con outro enfoque*”, “*Vedacións*” e “*Retretes*” continúan a exhibirse en distintos espazos do Museo, así como as pezas de madeira escavada pertencentes a outras culturas que se expoñen nas “*Vitrinas da Familia Etnográfica*” baixo o nome de “*Un baleiro útil*”.

VISITAS GUIADAS:

Disponibles, como ven sendo habitual, para grupos previa solicitude.

Para o público en xeral, estes percorridos guiados realizaranse todos os mércores e sábados ás 17:30 h.



EXPOSICIÓN TEMPORAIS

- AGOCHANDO PUDORES: A MUDA

Contido: exhibición de pezas de roupa interior como reflexo dos cambios nos usos neste tipo de indumentaria ao longo da historia e como mostra das grandes diferenzas sociais existentes.

Preséntanse pezas pertencentes a diversas coleccións privadas como a de D^a Berta Carracedo e a de D. Rafael Goyanes entre outras.



Lugar: Sala de Exposicións temporais do Museo.

Soposte didáctico: textos de sala como apoio á exposición e monitor-guía para grupos.

Duración: do 15 de xullo ata o 15 de novembro de 2014.

A visita á exposición é gratuíta.

- CON PÉS E CABEZA (EXPOSICIÓN ITINERANTE)

Contido: continúa en exhibición no Castelo de Sobroso, en Ponteareas, a mostra itinerante producida e inaugurada por primeira vez no 2010 no Museo e que seguiu a súa itinerancia no espazo expositivo da “Área Panorámica” de Tui. Acolle máis dun cento de pezas coas que se cubría a necesidade de calzado e tocado ao longo dos séculos.

Lugar: Castelo de Sobroso, Centro de Recuperación da Cultura Popular (Ponteareas).

Duración: sen especificar clausura.

Soposte didáctico: calzado e sombreiros utilizados como indumentaria ao longo dos tempo. Dende os humildes puchos ata os exquisitos sombreiros de copa ou dende as alpargatas ás zocas abotinadas que imitaban o calzado utilizado polas clases máis acomodadas, os visitantes farán un percorrido pola historia da man destas pezas de indumentaria tan significativas.

A exposición é guiada para grupos previa solicitude.

- VISIÓN FEMININAS DO CAMPO E DO MAR (EXPOSICIÓN ITINERANTE)

Contido: exposición itinerante producida en colaboración co Museo Massó de Bueu. Manifestación da realidade dunha economía de subsistencia que converte ás mulleres en elemento produtivo fundamental, incidindo na imprescindible implicación da muller como forza de traballo e na súa versatilidade tanto na produción agrícola da sociedade campesiña, como na costeira, nas que suple, en ambos casos, e non poucas ocasións, as ausencias dos homes.

Comezará a súa exhibición, previsiblemente, no Museo Massó de Bueu no mes de decembro (data por determinar que será convenientemente difundida), para seguir coa súa posterior rotación polos distintos centros colaboradores.

- O NADAL NO TRADICIÓN

Contido: exhibición dos tradicionais nacementos do Nadal pertencentes a diversas coleccións privadas.

Lugar: Sala “O devir das estacións” do Museo Liste de Vigo.

Datas: do 15 de decembro ao 10 de xaneiro.

Soporte didáctico: nacementos de Nadal.

A visita á exposición é gratuíta.



XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN: VISIÓN FEMININAS DO CAMPO E DO MAR

Contido: Charla sobre a importancia do traballo feminino nos ámbitos rural e costeiro cuxo contido constitúe a base documental da exposición “Visións femininas do campo e do mar” que comeza a súa itinerancia no Museo Massó de Bueu.

Poñente: Rocío Pino, historiadora e documentalista.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Data e hora: 18 de decembro de 2014 ás 18:00 h.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: público en xeral, entrada gratuíta.

ACTIVIDADES PARA GRUPOS ESCOLARES

- O MUSEO SOMOS NÓS

Contido: proxecto nacido co obxectivo de imbuír nos pequenos a familiaridade cos espazos museísticos; educalos na convicción de ser estes lugares para todos dos que todos podemos extraer saber e aos que tamén todos podemos aportar coñecemento.

Obxectivos: implicar aos escolares na comprensión e posterior explicación do contido museístico a través do seu adestramento activo como guías do Museo cara aos seus compañeiros.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Datas: 4º trimestre de 2014.

Duración: 90 m.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de primaria, secundaria e bacharelato previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe.

- AS NOSAS CONSTRUCIÓNS ADXECTIVAS

Contido: os canastros, os pombais, as palleiras e outras construcións adxectivas arredor da casa forman xunto con outras edificacións tendentes á explotación dos recursos agrícolas como albarizas, sequeiros, muíños e batáns entre outros, un patrimonio arquitectónico en risco de extinción que paga a pena recoller e dar a coñecer.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Datas: 4º trimestre de 2014.

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de primaria e secundaria

Soporte didáctico: diversas maquetas, material audiovisual e monitoraxe.

Actividade gratuíta (recoméndase realizar esta actividade complementariamente á visita guiada polo Museo)

- O SAMAIÑ NO MUSEO

Contido: achegamento a esta festividade, á súa orixe e evolución.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Datas: do 28 de outubro ao 7 de novembro.

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe, dramatización e diversos elementos materialmente relacionados coa festa.

Actividade gratuíta.



- O NADAL NA TRADICIÓN: AS FIGURAS DOS BELÉNS E OUTROS PERSONAXES

Contido: paseo polas figuras máis salientables representadas en beléns e protagonistas de historias populares tradicionais, dende os reis magos ao apalpador ou pandigueiro.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Datas: do 15 de decembro ao 10 de xaneiro.

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe, material audiovisual e exposición de beléns.

Actividade gratuíta.

- ENCAIXANDO ANACOS

Contido: especial percorrido guiado polo Museo adaptado para os máis pequenos. Combina o coñecemento do seu contido co descubrimento de diversas pezas de quebracabezas que lles permitirá compoñer, ao final da visita, varios dos obxectos expostos.

Lugar: Museo Liste de Vigo.

Datas: 4º trimestre de 2014.

Duración: 60 m.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de educación infantil.

Soporte didáctico: monitoraxe e pezas de quebracabezas.

OBRADOIROS

- A MUDA

Contido: actividade iniciada no 2013 que orixinou, no presente trimestre, unha exposición temporal a que complementará. Na charla, e utilizando como apoio a mostra exhibida, afondaremos sobre a evolución histórica no uso da roupa interior.

Lugar: Sala de exposicións temporais.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de adultos e alumnos de bacharelato e universidade previa solicitude (grupos de 10 persoas como mínimo).

Soporte didáctico: distintas pezas de roupa interior pertencentes a coleccións privadas e do Museo.

Monitor: Rafael González Goyanes, artesán téxtil e especialista en indumentaria tradicional.

Actividade gratuíta.



- INSTRUMENTOS HUMILDES

Contido: actividade que mostra os múltiples recursos cos que orixinar sons musicais. A través do son e das cancións tradicionais e populares coñecemos a forma de tocar os instrumentos, a súa historia, como se fabricaban, as coplas que os acompañaban, se eran tocados por homes ou por mulleres,... O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo en: instrumentos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos. A actividade adáptase, tanto en extensión como en nivel de información e actividades complementarias, ao grupo visitante.

*Lugar**: salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: durante todo o ano previa solicitude de grupos de 10 persoas como mínimo.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: adaptado segundo a franxa etaria a nenos e a adultos

Soporte didáctico: instrumentos de son e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

Actividade gratuíta.

*Este taller tamén se realizará no CAT se así se solicita.



- OS XOGUETES ESQUECIDOS

Contido: mostra de xoguetes co obxectivo de introducir aos nenos na comparativa entre épocas, analizando a evolución das pezas e dos materiais que conformaban os aspectos lúdicos da infancia. A través da observación da necesidade da presenza do xogo na nenez, achegarémonos ás distintas concepcións desta etapa da vida.

Lugar: sala “O devir das estacións”

Datas: durante todo o ano

Duración: 1 h.

Dirixido a: grupos escolares de infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: pezas pertencentes á colección do Museo Liste e a distintas coleccións privadas; audiovisuais e monitoraxe.

Actividade gratuíta.

CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL – CAT

EXPOSICIÓN PERMANENTE: CESTEIROS NA TRADICIÓN

Contido: exposición da colección de pezas de cestería en diversos materiais que atesoura este centro como mostra desta labor artesán que tanta importancia tivo na cidade. O monitor, artesán cesteiro, inicia aos visitantes nun oficio aparentemente vencido pola chegada dos novos materiais pero que rexurde, con novo pulo, ante a necesidade e o pracer de tornar á tradición e a todos os valores que leva consigo.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves de 11:00 a 14:00 h. mércores de 17:00 a 20:00.

Previa solicitude para grupos.

Duración: 1 h. e ½

Soposte didáctico: colección de cestería tradicional propiedade do C.A.T.



EXHIBICIÓNS DO PROCESO PRODUTIVO DE DISTINTOS OFICIOS: DO TECIDO Á CESTERÍA

Actividade complementaria que se realiza xunto coa visita á exposición “Cesteiros na tradición”. Exhibición que pon de manifesto as semellanzas entre as técnicas do tecido e da cestería, dúas das técnicas máis antigas realizadas polo home e que ben puideron ter unha orixe común baseada no entrecruzado de diversas materias.

CURSOS

- INTRODUCCIÓN Á MICOLOXÍA

Contido: actividade formativa de iniciación á micoloxía impartido polo Grupo Ecoloxista ADENCO, organizadores das XXV Xeiras Micolóxicas do Condado. O curso, concibido como un achegamento aos diversos aspectos que conforman esta disciplina, abrangue dende un percorrido pola historia da micoloxía ata o cociñado e conservación dos cogomelos.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

Dirixido a: público en xeral.

Duración: 12 horas.

Datas e horarios: todos os mércores do mes de novembro (días 5, 12, 19 e 26) de 17:00 h. a 20:00 h.

Nº de prazas: 15 persoas. (Período de inscrición aberto, ata completar as prazas, a través dos contactos referidos no cadro final).

Docente: Grupo Ecoloxista ADENCO (Asociación para a Defensa da Natureza do Condado. Pontearreas)

PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS

Contido: xorden, inicialmente, como percorridos de coñecemento guiados polo espazo urbano dentro do Casco Vello da cidade, ampliándose, agora, para abarcar outras rutas nas que afondar etnográfica e historicamente.

Así a oferta abarca dúas rutas: o Casco Vello e o Barrio de Bouzas.

A ruta polo Casco Vello discorre polas diferentes rúas que o percorren: Subida ao Castelo, Praza de Calatrava, Praza de Argulles,... e nos leva a facer unha análise das modificacións urbanísticas, da orixe dos seus topónimos moitos dos que aluden aos gremios artesáns como é o caso de Sombreiroiros, Cesteiros, ...; a arquitectura tradicional e relixiosa, con variedade de tipoloxías nas construcións.

O percorrido polo barrio de Bouzas fórmulase como unha achega á idiosincrasia dun barrio, actualmente urbano, cun pasado disociado da cidade olívica. Os seus puntos de referencia históricos veñen marcados por dous fitos: a concesión do título de vila por parte de Carlos III (s. XVIII) e a conservación do seu territorio como concello independente ata 1904.

Son, así mesmo, estas rutas, estratexias de sensibilización cidadá con respecto á visión dos elementos patrimoniais, que reflicten o modo de vida que aconteceu.

Salientar que o trazado da ruta presenta sempre variacións, o que supón un interese engadido para aqueles grupos ou particulares que desexen acadar un coñecemento máis amplo dos percorridos dos que se parte.

Rutas: os grupos poderán optar entre dous percorridos

Percorrido nº 1: Casco Vello

Percorrido nº 2: Bouzas

Lugar: o lugar de partida para cada un dos percorridos será convenientemente difundido.



Datas: a actividade ofértase todos os **venres** para grupos previa solicitude de forma gratuíta. Mínimo grupos de 15 persoas. Os particulares que desexen unirse ao grupo preestablecido, poderán facelo inscribíndose polas canles de contacto referidas no cadro final e sempre que existan prazas vacantes.

Hora: en horario de tarde.

Duración aproximada: 2 h.

Monitor-guía: Elisa Pereira García.

FALADOIROS ARTESÁNS

Contido: debate aberto no que partindo do tema introducido polo conferenciante convidado en cada convocatoria trataremos aspectos diversos relacionados co mundo da artesanía.

Este trimestre a oferta divulgadora presenta **“En la. Obradoiro téxtil”** tendo como poñente a **D^a Pilar Rodríguez Gonda**, artesán téxtil que comezou a súa andaina coa elaboración de bordados e seguiu a desenvolver a súa produción como especialista na creación de tecidos coas técnicas de fieltro en la e fieltro nuno.

Dirixido: ao público en xeral. Entrada libre

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Data e hora: mércores, 12 de novembro ás 20:00 h.

O ESCAPARATE

Contido: proxecto que centra o seu obxectivo en brindar un espazo expositivo que sexa un escaparate para a actual produción artesán.

O traballo que se exhibirá a partir do vindeiro 15 de outubro, será convenientemente difundido unha vez que remate o proceso de selección actualmente en curso. Ata entón, continúa en exposición a obra de Miguel Gómez Cruces, artesán seleccionado na última convocatoria, que baixo o título “Vidas e ventos” exhibe unha escolma de tallas en madeira cunha marcada inspiración etnográfica.

Lugar: C.A.T (Centro de Artesanía Tradicional)

Datas: durante todo o ano.

Horario: dentro do horario establecido para o centro.



CONVOCATORIAS

- CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRABALLOS ARTESÁNS PARA “O ESCAPARATE”

Apertura dunha nova convocatoria co fin de seleccionar traballos susceptíbeis de ser expostos no Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (C.A.T) no 1º trimestre do 2015.

A través dun escaparate como son as instalacións do CAT preténdese facer chegar o traballo do colectivo artesán a un maior número de público. O resultado é a apertura da 1ª convocatoria do ano 2015, co fin de seleccionar os traballos que se exhibirán no CAT no 1º trimestre do 2015.

Participantes: artesáns que queiran dar a coñecer a súa produción.

Prazo de presentación de dossiers: ata o 20 de decembro a través do correo electrónico referido no cadro final ou na sede do Museo Liste de Vigo.

INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO:

MAÑÁNS : de 11:00 h. a 14:00 h.. TARDES: de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA A O MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuito: Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org

HORARIO CENTRO ARTESANÍA TRADICIONAL: CAT

Entrada gratuíta

MARTES E XOVES DE 11:00 A 14:00

MÉRCORES DE 17:00 A 20:00